

'Fomento do Cooperativismo de Consumo'

Xornada o 22 de setembro de 2022 | Santiago de Compostela

Programa "Impulso dun ecosistema emprendedor na economía social" – Compostela Móvese 2022

No marco do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Unión de Cooperativas EspazoCoop

Data e horario

- Xoves 22 de setembro de 2022
- De 10 a 14 h.

Lugar

CERSIA Empresa - Salón de Actos
R/ Alcalde Raimundo López Pol s/n
San Lázaro -Santiago de Compostela

Organiza e coordina

Unión de Cooperativas EspazoCoop
981 57 55 78 - www.espazo.coop

[Presentación]

FOMENTO DO COOPERATIVISMO DE CONSUMO é unha actividade de divulgación dos novos modelos de **cooperativismo de consumidoras e usuarias** e das experiencias ofrecidas pola Economía Social para o consumo.

O cooperativismo de consumo segue evolucionando coa sociedade e aportando solucións. Cando un grupo de consumidoras emprende unha iniciativa para facer fronte a unha necesidade común, aparecen experiencias de cooperación entre persoas consumidoras e usuarias basadas na filosofía da participación directa e da autoxestión para acceder a produtos e servizos.

Como mostra, hai múltiples exemplos de modelos de consumo dende o cooperativismo e a economía social que buscan solucións e que son unha alternativa real aos circuitos comerciais convencionais.

[Obxectivos]

Difundir as vantaxes e potencialidades da cooperativa para organizar o consumo de xeito autoxestionado.

Divulgar experiencias de cooperativas de consumo en varios sectores, especialmente na Alimentación e na Enerxía.

Detectar iniciativas de cooperación no ámbito do consumo entre a cidadanía e o tecido da economía social, que sexan susceptibles de facer parte de procesos de creación ou consolidación mediante o modelo cooperativo.

[Programa // Contidos]

10 h. | Benvida, coa participación institucional de representantes do Concello de Santiago de Compostela e a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

10:15 h. | A fórmula cooperativa, un recurso para organizar o consumo de bens e servizos de forma colectiva. Ramón Carmelo Rodríguez Padín (Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop)

11:00 h. | Mesa de experiencias (I) | Cooperativas de consumo no sector da alimentación e o comercio minorista:

- Red de Supermercados Cooperativos
- Árbore Consumo Consciente, S. Coop. Galega
- Pre-cooperativa de consumo en Cangas do Morrazo

12: 00 h. | Descanso

12:15 h. | **Mesa de experiencias (II)** | Cooperativas de consumo no sector de autoprodución e comercialización de Enerxía:

- Enherkom Coop
- Nosa Enerxía, S. Coop. Galega

13:00 h. | **Networking** | Encontro de intercambio entre as participantes á xornada, co fin de favorecer o coñecemento mutuo, detectar necesidades e potencialidades para impulsar procesos de emprendemento no ámbito do consumo, a través da fórmula cooperativa.

14:00 h. | **Peche**

A Xornada estará guiada polo equipo técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

[Destinatarias]

Fomento do Cooperativismo de Consumo está destinada preferentemente para :

Persoas e entidades interesadas en procesos de organización colectiva do consumo, integrantes de organizacións do tecido sociocomunitario e socioeconómico e da economía social e solidaria de Santiago de Compostela.

Persoas e entidades prescritoras de emprendemento e emprego, localizadas na área de influencia de Santiago de Compostela, especialmente para xeración e dinamización de procesos de emprendemento cooperativo.

Público interesado no cooperativismo de consumo en xeral.

[Inscripción e información]

Inscripción | No seguinte formulario en liña [preme aquí](#)

Información | Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop
986 866 149 – ramon@espazo.coop

espazo coop
unión de cooperativas galegas

CONCELLO DE SANTIAGO

22 Setembro 2022

Fomento do cooperativismo de consumo

www.espazo.coop

🕒 En Santiago de 10 a 14 h

SANTIAGO DE COMPOSTELA
CAPITAL ESPAÑOLA
DA ECONOMÍA SOCIAL

Saber máis | Nova sobre o programa de colaboración entre o Concello de Santiago e EspazoCoop, '*Impulsando un Ecosistema Emprendedor na Economía Social*' [preme aquí](#)